

PLAN ANUAL ORIENTACIÓN

CURSO 21-22
CPI AS MIRANDAS



ÍNDICE

1. <u>INTRODUCCIÓN</u>	2
<u>OS NÓSOS PRINCIPIOS: ENFOQUE TEÓRICO</u>	2
<u>QUÉN SOMOS?</u>	3
<u>NÓSAS FUNCIÓNS</u>	4
2. <u>MARCO LEGAL</u>	4
3. <u>ANÁLISE DO CONTEXTO</u>	6
<u>ENSINANZAS: OFERTA EDUCATIVA CURSO 2021-2022:</u>	7
<u>PERSOAL DOCENTE</u>	8
<u>ALUMNADO</u>	9
<u>ANPA</u>	9
4. <u>OBXECTIVOS</u>	10
5. <u>PLANIFICACIÓN XERAL</u>	11
<u>LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS</u>	11
<u>ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS</u>	15
6. <u>ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS</u>	18
<u>PRINCIPIOS QUE REXERÁN A INTERVENCIÓN</u>	19
7. <u>RECURSOS</u>	22
8. <u>AVALIACIÓN</u>	24



1. INTRODUCCIÓN

1.1 OS NOSOS PRINCIPIOS: ENFOQUE TEÓRICO

A orientación, tal e como se recolle no Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenvolve dito Decreto, enténdese como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza dende a escolarización do neno/a e remata o finalizar as ensinanzas non universitarias.

Neste modelo non ten cabida unha orientación entendida como intervención puntual, remedial ou asistemática e como tarefa exclusiva da orientadora. A orientación debe enfocarse como unha actividade dentro do currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa.

É importante sinalar que a actuación do Departamento responderá ao enfoque que entende a Orientación como unha tarefa de todo o Equipo Docente e, por extensión, de toda a Comunidade Educativa, sendo o Orientador/a un elemento dinamizador deste proceso.

En palabras Rafael Bisquerra se "*orientar é educar para a vida*", compartimos o enfoque de **atención psico-socio-pedagóxica** consistente nun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a todas as persoas, poñendo un énfase especial na prevención e no desenvolvemento integral (persoal, social e da carreira), que se realiza ao longo de toda a vida, coa implicación dos diferentes axentes educativos (Titores, Orientadores, Profesores) e sociais (familia, profesionais, etc) .

Concebimos a Orientación como un dereito de carácter xeralizado, continuo, preventivo, e integrador, e que, dende o respecto ás características distintivas da Comunidade Educativa, actúa dende o asesoramento xeralizado e individualizado e dende os modelos de intervención psicopedagóxica a través do **modelo de programas** caracterizado basicamente por:

- ✓ Desenvolverse en función das necesidades do Centro e da Comunidade Educativa, nos diferentes ámbitos de intervención.



- ✓ s receptores son axentes activos do seu propio proceso de Orientación
- ✓ Actúase sobre o contexto con carácter máis preventivo que terapéutico
- ✓ Establécese ao longo dun continuo temporal
- ✓ Levase a cabo un seguimento-avaliación do realizado
- ✓ Permite unha máis fácil relación entre curriculum e orientación

Seguindo esta liña e as aportacións de autores como Álvarez Rojo (1994), Repetto, Rus e Puig (1994) e Martínez Clares, o MEC promulga **os seguintes principios**:

Principio de prevención: preparar ás persoas para a superación das diferentes crises de desenvolvemento co obxectivo é desenvolver a competencia funcional e social da persoa e o seu fortalecemento interior.

Principio de desenvolvemento: a intervención supón un proceso mediante o que se acompaña ó individuo durante o seu desenvolvemento, coa finalidade de lograr o máximo crecemento das súas potencialidades .

Principio de intervención social: enfócase dende unha perspectiva holística- sistémica da Orientación, segundo a cal, débense incluír en toda intervención orientadora as condicións contextuais do individuo.

Principio de empoderamento persoal (empowerment): proceso no que as persoas, a organización e os grupos chegan ás dinámicas de poder que actúan no seu contexto vital, desenvolven as habilidades ou capacidades para tomar o control das súas propias vidas e apoian e reforzan o fortalecemento persoal dos demais compoñentes do seu grupo.

1.2. QUÉN SOMOS?

MEMBROS DO DEPARTAMENTO



- Titora do ámbito científico-tecnolóxico:
- Titora do ámbito socio-lingüístico :
- Especialistas en Pedagogía Terapéutica de Infantil, Primaria e Secundaria:
M^a Vanesa Sánchez Filgueira (ESO) e **M^a del Rosario Gómez Costas** (Infantil, Primaria e Xefa de Estudos de Infantil e Primaria)
- Especialista en Audición e Linguaxe: **Concepción Cambeiro López**
- Coordinadoras de Educación Infantil e Primaria: **M^a Mercedes Lestayo Brage, Lucía Seoane Torrente, Lucía Paz Rocha e Iria Navarro**
- Xefatura do Dpto de Orientación: **M^a del Mar García López**

NOSAS FUNCIONES

Están recollidas no **Decreto 120/98 e na Orde 24 de xullo de 1998**, que regulan a orientación educativa na nosa comunidade. Dando cumprimento a todas elas, sinálanse nesta programación as que constituirán as liñas prioritarias de traballo para o presente curso, xa que se consideran as accións máis necesarias dado o contexto educativo e sociofamiliar do noso centro.

Entre de entre as que se sinalaremos:

- Valorar as necesidades educativas no ámbito da orientación.
- Diseñar accións en camiñadas á atención temperá e á prevención
- Participar na avaliación psicopedagóxica.
- Apoiar e asesorar aos alumnos, favorecendo o seu proceso de maduración vocacional
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación coas distintas institucións e servizos da comunidade



A orientadora terá o rol de dinamizadora, coordinadora, consultora e formadora do resto dos axentes educativos, intervindo ademais de forma directa cos alumnos naqueles casos en que resulte necesario, funcións para as que contará co apoio do

E.O.E cando estime oportuno.

2. MARCO LEGAL

Para a elaboración de este Plan , tivemos en conta a seguinte normativa legal:

- **Decreto 120/98** polo que se regula a Orientación educativa e profesional en Galicia
- **Orde do 24 Xullo de 1998**, establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional nesta C.A.G.
- **DECRETO 7/1999**, de 7 de xaneiro que regula o funcionamento dos CPI
- **Lei Orgánica 2/2006** do 3 de maio, de Educación (L.O.E.).
- **Lei Orgánica 3/2020** do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE)
- **Real Decreto 1105/2014**, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- **Real Decreto 126/2014**, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria.
- **Real Decreto 1630/2006**, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil.
- **Decreto 86/2015**, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regula ensinanzas, acceso e admisión a ciclos de FP básica
- **LEI 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa; o Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a citada lei e as Orientacións para o deseño do Plan de Convivencia publicadas en abril de 2016.



- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia
- **Orde do 6 de outubro de 1995** pola que se regulan as adaptacións do currículo.
- **Circular 8/2009**, que regula as medidas de atención á diversidade na ESO.
- **Circular 10/2010**, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos Servizos de Orientación.
- **Protocolos** de actuacións establecidos no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020.
- Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-22

3. ANÁLISE DO CONTEXTO.

Neste caso é preciso ter en conta non só nosa contorna, se non o **contexto tan excepcional xerado pola pandemia mundial da COVID 19**, xa que esta situación tan imprevista, grave e tan complexa a todos os niveles, condicionará noso traballo durante este curso académico.

Este contexto de pandemia implica a necesidade de redefinir o noso traballo directo con alumnado e familias, limitando a realización de actividades levadas a cabo en cursos anteriores, dado que implican saídas e contactos que nestes intres non se deben realizar, a lo menos do mesmo xeito que se viña facendo.

Por outra banda, temos que facer un esforzo por potenciar a competencia dixital, imprescindible para poder levar a cabo a educación e orientación a distancia se fose preciso, tendo en conta que **mesmo no caso da orientación a distancia, a orientación nunca debe ser “distante”**.

No referido a contorna, noso centro está situado en Ares, capital dun pequeno concello costeiro, cunha poboación que flutúa en torno aos 5000 habitantes e 18 km², que disfruta dunha situación estratéxica privilexiada, dentro do golfo Ártabro, ao sur de Ferrol e bañado polas tranquilas augas da ría de Ares, o que leva consigo que o desenvolvemento económico da vila estea intimamente ligado a esa condición marítima; se ben o sector servicios é o que ocupa á maior parte da poboación activa,



debido a súa proximidade ás localidades de Ferrol e Fene , as que moitos areses se desprazan a diario. Tampouco debemos esquecer o sector industrial, que ocupa o 26,4% da poboación activa.

Por outra banda, debemos subliñar a importancia do sector turístico, principalmente na temporada estival, que constitúe unha entrada de ingresos considerable. Cabe sinalar que no concello hai moitas vivendas de segunda residencia que se concentran nos principais focos turísticos, como poden ser Chanteiro, a praia do Raso, etc.

Así mesmo é destacable a existencia dos servizos sociais e sanitarios do Concello que manteñen liñas de colaboración co noso Departamento. Do mesmo xeito temos contactos con asociacións externas ó CPI : Aspanaes, Cefore, EOE, Anpa...

ENSINANZAS:. OFERTA EDUCATIVA CURSO 2021-2022:

- 2 Liñas de Educación Infantil
- 2 Liñas de Educación Primaria
- E.S.O : 2 liñas

Nº DE ALUMNOS/AS DE INFANTIL

Infantil 3 anos A: 18	36
Infantil 3 anos B: 18	
Infantil 4 anos A: 17	34
Infantil 4 anos B: 17	
Infantil 5 anos A: 16	33
Infantil 5 anos B: 17	

TOTAL INFANTIL: 103

NÚMERO DE ALUMNOS/AS DE PRIMARIA

1º CICLO	2º CICLO	3º CICLO
-----------------	-----------------	-----------------



	1º A: 19			3º A: 15			5º A: 18	
		39			29			37
	1º B: 20			3º B: 14			5º B: 19	
	2º A: 16			4º A: 13			6º A: 19	
		30			25			38
	2º B: 14			4º B: 12			6º B: 19	
	69			54			75	

TOTAL PRIMARIA: 198

TOTAL INFANTIL E PRIMARIA: 301

ALUMNADO ESO							
1ºESO		2ºESO		3ºESO		4ºESO	
35		48		47		30	
A	B	A	B	A	B	A	B
17	18	24	24	24	23	15	15

TOTAL ESO: 160

TOTAL CPI : 461

PERSONAL DOCENTE.

O Claustro do centro está constituído por un total de 49 profesores :28docentes de Infantil e Primaria e 21 docentes da ESO), entre os que contamos con 1 mestra de Pedagogía Terapéutica en Infantil e Primaria (ata o pasado curso tiñamos 2) e unha mestra de Pedagogía Terapéutica en Secundaria , e 1 especialista en Audición e Linguaxe en Infantil e Primaria.

Tamén contamos con 2 Técnicas Auxiliares Educativas (Coidadoras) en Infantil e Primaria, e unha intérprete de lingua de signos.



Debemos destacar que a maior parte do equipo docente ten destino definitivo neste centro, e en liñas xerais, podemos sinalar que amosan interese polas funcións de orientación e titoría.

ALUMNADO

O noso alumnado non só procede da vila de Ares, senon tamén das diferentes parroquias que pertencen ao Concello de Ares, polo que utilizan o transporte escolar para acudir ao centro escolar. Existen 2 rutas diferentes:

Ruta Redes-Ares (con 7 paradas) Ruta Chanteiro Ares (8 paradas)

Tamén contamos con servizo de comedor, con ao redor de 170 usuarios

Debemos sinalar que acollemos unha gran diversidade de alumnado. Neste senso, temos que ter en conta que todos os alumnos/as presentan determinadas necesidades educativas ao longo da súa escolarización, debido ás súas distintas capacidades, intereses, motivacións...

No noso centro escolarízase unha porcentaxe significativa de alumnos/as que presentan NEAE diferentes etapas educativas que se imparten no Centro Educativo. Ditas NEAE están derivadas de diversas circunstancias:

- ✓ Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa
- ✓ Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo: Cabe destacar que nos últimos anos incorporouse ao IES alumnado procedente do estranxeiro, (de procedencia venezolana, chinesa, brasileira, arábe, nixeriana, senegalesa..)
- ✓ Alumnado con NEAE derivadas :
 - ✓ TEA,
 - ✓ TEL,
 - ✓ trastornos de conduta,
 - ✓ NEE derivadas de discapacidades sensoriais, motóricas,...).
 - ✓ Altas capacidades...

ANPA

O Centro conta cunha asociación de Pais e Nais de alumnos coa que mantemos colaboración para a participación activa das familias nas actividades do Centro e do Departamento de Orientación.

4. OBXECTIVOS.



Os **obxectivos xerais** que pretendemos dende o Departamento de orientación son os seguintes:

- Favorecer os procesos de madurez, desenvolvemento da propia identidade e valores que consolida a integridade persoal
- Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuir a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado
- Contribuír á convivencia positiva entre todos os integrantes da Comunidade Educativa
- Resaltar os aspectos orientadores da educación: “ orientación en e para a vida”, atendendo ó contexto real do alumnado e ó futuro que poidan proxectar para sí mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes activas e funcionais.
- Actualizar o PAT segundo as indicacións e suxestións de titoras e titores, e das xefaturas de estudos
- Mellorar o seguimento e atención individual do alumnado en situación de risco durante o curso a través de titorías individualizadas.
- Potenciar a competencia do alumnado na resolución de conflitos
- Colaborar cos titores para que a comunicación coas familias sexa regular e fluída co seguimento nas horas de titorías.
- Colaborar cos Servizos Sociais do Concello en actividades dirixidas ao alumnado tanto en grupo como individuais que completan o PAT
- Participar activamente na actualización do Plan Convivencia do centro.
- Revisar o POAP adaptándoo á nova lexislación.
- Implicar ás familias nas decisións que afectan á vida académica dos seus fillos/as
- Abordar o labor de prevención e detección precoz das dificultades de aprendizaxe, establecendo medidas que permitan detectar estas deficiencias

5. PLANIFICACIÓN XERAL



Para alcanzar os obxectivos propostos, deseñaremos e levaremos a cabo unha concreción dos programas recollidos na documentación a medio prazo PAT e POAP. Estes programas, que constitúen os contidos do noso plan, ao igual que os nosos obxectivos, estruturaránse ao redor de tres grandes ámbitos:

- **Apoio ao Plan de Acción Titorial**
- **Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe**
- **Apoio ao Plan do Orientación Académica e Profesional**

Para a levalos á práctica compre realizar unha serie de actuacións prioritarias que exporemos a continuación. Como veremos, hai unha serie de actuacións de carácter xeral, comúns a todos os ámbitos, e outras máis específicas, en función do ámbito e o programa concreto a traballar.

LIÑAS DE ACTUACIÓNB PRIORITARIAS

PLANIFICACIÓN 1º TRIMESTRE. DATA: SETEMBRO -DECEMBRO

ACCIÓNB PRIORITARIAS:

- ✓ Constitución formal do Departamento de Orientación
- ✓ Análise do contexto e das necesidades
- ✓ Establecemento das primeiras accións e intervencións
- ✓ Deseño do Plan de Orientación e outros documentos

ACCIÓNB:

- Elaboración de informes para incorporación a programas específicos, outros Centros, Becas NEAE
- Seguimento de matriculación de alumnado e acollida de alumnado novo
- Revisión de expedientes académicos e elaboración de fichas persoais de recollida de datos salientables xunto aos titores.
- Estudo de necesidades globais para a modificación e recollida no Plan de Orientación e outros documentos do Departamento.
- Entrevistas coas familias e alumnado



- Entrevistas co Profesorado - Titor
- Deseño de medidas e respostas de atención á diversidade co Profesorado, Equipo Directivo e PT
- Primeiras reunións de todos os membros do Departamento de Orientación para o seguimento do inicio de curso e a adopción consensuada das medidas que se estimen oportunas
- Coordinación cos servizos externos (psicóloga e traballadora social do Concello, Equipo de Orientación Específico...etc)
- Avaliación diagnóstica para a consolidación de respostas educativas
- Estudo e proposta de programas para o alumnado (a demanda segundo as necesidades)
- Coordinación coa Xefatura de Estudos de Infantil, Primaria e Secundaria para o seguimento da Acción Titorial , inclusión do alumnado, e responsabilidades dos docentes
- Coordinación coa Dirección do Centro para o coñecemento conxunto de todos os aspectos salientables que competen ao Centro
- Establecemento de liñas de colaboración, traballo en equipo, e dispoñibilidade cara o fomento dun bo clima de traballo
- Potenciar o interese e motivación do alumnado
- Implicar ao Profesorado na Orientación Profesional, académica e persoal que precise o seu alumnado
- Asesorar na adopción de metodoloxías activas de aprendizaxe que redunden nun éxito escolar do alumno e satisfacción profesional dos docentes
- Coordinación da elaboración de programas adaptados (ACS)
- Informes de avaliación psicopedagóxica
- Intercambio continuado de información cos Equipos Docentes sobre a evolución do alumnado especialmente aquel que precisa atención específica.
- Reposta xunto con Equipo Directivo aos imprevistos que poidan xurdir
- Avaliacións trimestrais do alumnado, recollida e intercambio de datos cos Equipos Docentes e Titores
- Avaliación continua do programa de actividades de Orientación das medidas precisas
- Boa dispoñibilidade para a escoita activa



➤ **PLANIFICACIÓN 2º TRIMESTRE.** Data: xaneiro- marzo

❖ **ACCIÓNS PRIORITARIAS:**

- ✓ Continuidade das accións de reforzo e apoio, e outras medidas de educación inclusiva
- ✓ Avaliación continua do proceso de Orientación e propostas de mellora

ACCIÓNS :

- Valoración dos resultados obtidos na primeira avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de recuperación en función de ditos resultados.
- Preparación de materiais para levar a cabo os Programas de Orientación Académica e Profesional: optativas, distintos itinerarios educativos, inserción ó mundo laboral...
- Elaboración de materiais para o autocoñecemento do alumnado e toma de decisión: rasgos da personalidade, intereses, aptitudes, simulacros e toma de decisións.
- Participación nos Programas e Obradoiros ofertados por organismos oficiais e/ou asociacións da zona (violencia de xénero, igualdade, sexualidade.- emocional-afectiva, drogo-dependencias, enfermidades mentais e drogo- dependencias, riscos de internet, acoso escolaretc .) tendo sempre en conta as medidas de seguridade establecidas no protocolo de actuación fronte ao COVID-19
- Seguimento estreito das medidas de atención á diversidade: apoios, reforzos educativos, adaptacións do currículo, desdobramentos....
- Participar nas Sesións da 2ª avaliación
- Elaboración de pautas de información para as familias, buscando a súa colaboración, nos programas que se levarán a cabo
- Realizar informes psicopedagóxicos do alumnado que se derive ó Departamento de Orientación así como aqueles obxecto de apoio, continuando ó principio de curso coas propostas iniciais doutros cursos, incorporando os datos das novas avaliacións psicopedagóxicas ó longo do curso.

➤ **PLANIFICACIÓN 3º TRIMESTRE.** Data: abril-xullo

- ✓ Continuidade das accións de reforzo e apoio, e outras medidas de intervención



- ✓ Avaliación continua do proceso de Orientación e propostas de mellora

ACCIÓNS:

- Valoración dos resultados obtidos na 2ª avaliación e asesoramento no deseño e desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe de recuperación en función dos resultados
- Continuación dos programas iniciados nos trimestres anteriores
- Valoración dos programas desenvolvidos, do PAT e do Programa de Orientación Vocacional, a través de cuestionarios e reunións.
- Asesorar de forma directa ós alumnos con respecto á optatividade e elección de estudos
- Participar nas avaliacións finais
- Seguimento e avaliación das medidas de atención á diversidade adoptadas ó longo do curso.
- Entrevistas cos membros da Comunidade Educativa para a adopción de medidas consensuadas
- Coordinación no seguimento do alumnado dos últimos cursos de Educación Primaria de cara á súa incorporación á etapa da ESO.
- Continuar coa intervención directa cos grupos de alumnado para a Orientación Académica
- Asesoramento ás familias acerca do proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Implementación de programas específicos (charlas, visitas virtuais, aplicacións, recursos ...) para facilitar a toma de decisións do alumnado sobre o seu futuro académico e profesional
- Prever máis tempos de atención individualizada a alumnado que precise un asesoramento personalizado
- Valoración das necesidades educativas e medidas de atención á diversidade a tomar no inicio do seguinte curso académico.
- Avaliación do Plan de Orientación, Plan de Acción Titorial, Plan de Orientación Académica e profesional, Plan de Atención á diversidade e inclusión



- Propostas de mellora para o seguinte curso académico

➤ **ACCIONES FINAIS. Data: final de curso**

- ✓ Constancia documental (informes, fichas...) dos datos máis salientables das intervencións e programas levados a cabo
- ✓ Memorias finais e propostas de mellora.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS

Para o presente curso académico 2021/2022 na medida do posible, procurárase dar continuidade ás actividades realizadas o curso anterior así como as sinaladas nas propostas de mellora recollidas na memoria, e ao mesmo tempo, tentaremos dar cabida a novas propostas., tendo sempre en conta o escenario no que atopamos debido á pandemia provocada polo COVID 2019, polo que as actividades previstas para este ano, a priori, non contemplan saías fora do centro, e realizaranse dentro do grupo aula mantendo sempre as medidas de seguridade indicadas pola Consellería

É preciso sinalar que gran parte das actividades do DO, polo seu carácter global, só se poden levar a cabo compartindo tarefas e colaborando con outros departamentos, cos órganos de goberno, cos titores, e mesmo con axentes externos (IES da zona, EOE, CEFOR, Concello, servizos de saúde, ONG's...).

As actividades propostas para este curso académico, son as que se detallan a continuación:

ACTIVIDADE	Ámbito	trimestre.
Agrupamento do alumnado de acordo cos criterios establecidos no PEC	PAT	1º
Organización da acollida do alumnado que inicia escolarización no centro	PAT	1º
Organización do apoio ás aulas de EI no período de adaptación	PAT	1º



Reunións mensuais do Departamento de Orientación	TODOS	Todo o curso
Información ao alumnado e as familias sobre horarios de clase, normas do centro e da aula	PAT	Todo o curso
Adquisición de material e equipamento específico para o DO	Todos	Todo o curso
Avaliación inicial alumnado	E/A	1º
Entrevistas individuais alumnado e familia, priorizando coas familias a modalidade telemática	Todos	Todo o curso
Programa de intervención para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	E/A	Todo o curso
Avaliacións psicopedagóxicas	E/A	Todo o curso
Análise dos resultados da avaliación, medidas a tomar	PAT-E/A	Todo o curso
Reunións dos órganos de coordinación docente e colexiados	Todos	Todo o curso
Charlas impartidas dentro do Plan de Mellora de Seguridade e Convivencia Escolar (PLAN DIRECTOR) :	PAT	1º
Programa de prevención de dificultades na linguaxe oral e articulación de fonemas en EI	E/A	Todo o curso



Organización do apoio específico nas distintas etapas educativas

	E/A	Todo o curso
Revisións das dinámicas do grupo clase	PAT	2º e 3º
Obradoiro HH Sociais para 3º e 4º da ESO en colaboración co Concello de Ares a través de ASFEDRO).	PAT	2º
Actividades encamiñadas á integración e cohesión grupal, con atención especial ó alumnado con necesidades educativas específicas	PAT	Todo o curso
Charla das Forzas Armadas dirixida a 4º ESO,. Data sen concretar	POAP	3º
Xornadas de prevención da violencia de xénero contando coa colaboración e apoio do Concello de Ares .	PAT	1º
Obradoiro de autoestima para 2º ESO . Colaboración con Quérote. Datas sen concretar	PAT	2º
Xornada de acollida ao alumnado de 6º EP , na que o alumnado de 1º da ESO terá un papel relevante.	PAT	3º
Visita, posiblemente virtual, do alumnado de 4º ESO ao IES Mugardos, ao que estamos adscritos	PAT/POAP	3º
Avaliación final do alumnado	E/A	3º
Informes finais do alumnado con necesidades educativas especiais		3º
Avaliación do plan de orientación	TODOS	3º

Como xa sinalamos, para a posta en práctica destas actividades será fundamental a colaboración dos Titores,,/as, Departamentos didácticos, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Equipo directivo, dado que o traballo en rede é , sen dúbida algunha, un



mecanismo fundamental que permitirá compartir recursos e boas prácticas, e facilitará compartir situacións de estrés e a súa resolución

Por outra banda compre ter en conta esta é unha planificación flexible, as actividades os destinatarios e as datas poderán variar en función da disposición dos axentes implicados, e moi especialmente das novas necesidades que podan xurdir, as que habería que a dar resposta.

6. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Vai ser a través do primeiro nivel da orientación, a **acción titorial**, a través do cal se van desenvolver a maior parte das accións, aínda que tamén se levarán a cabo actuacións máis específicas por parte do segundo e terceiro nivel (**DO e EOE**), sempre que se trate de tarefas específicas destes niveis, como avaliacións psicopedagóxicas, deseño de materiais, asesoramento...e cando o primeiro nivel o solicite, sempre baixo o **prisma de cooperación e coordinación** entre niveis (segundo as premisas da consulta colaborativa, proposta por Bisquerra) o que permitirá que a maior parte das accións propostas se levarán a cabo dentro do **maior grao de normalización posible**.

A estratexia de intervención seguirá unha **metodoloxía activa e participativa**, que implique tanto á comunidade educativa como ás distintas institucións da contorna do centro. Xa que entendemos a escola como un sistema aberto, no que todos os seus elementos se inflúen mutuamente, a nosa intervención orientadora terá un carácter holístico, repercutindo en todos elementos que conforman o proceso educativo.

Por outra banda, cabe sinalar que procuraremos que a nosa acción orientadora sexa consecuente cos principios de Ensino-Aprendizaxe que subxacentes ao noso sistema educativo:

- **Funcionalidade:** Posibilitando aprendizaxes relacionadas coa vida diaria.
- **Significatividade:** Partindo dos coñecementos previos
- **Interacción:** entre o alumnado, o profesorado, etc.
- **Aprender a aprender:** Facilitando a autonomía como finalidade última.

PRINCIPIOS QUE REXERÁN A INTERVENCIÓN



- Buscarase que a totalidade do equipo educativo, e non só o profesorado titor se responsabilice de apoiar ao alumnado no seu desenvolvemento, orientación e aprendizaxe.
- Corresponderá á Xefatura de Estudos a coordinación e dirección das actividades de orientación e tutoría en colaboración co Departamento de Orientación e de acordo co Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Acción Titorial.
- Departamento de Orientación apoiará e colaborará co profesorado no desempeño da función titorial, complementando o seu labor pero nunca substituíndoa.
- Departamento de Orientación traballará cos profesores e coas demais instancias educativas do centro nun contexto de colaboración e participación, buscando o maior grao de consenso e sintonía no desenvolvemento de cada actuación. Buscarase e reclamarase a implicación de todo o profesorado na atención á diversidade do alumnado, evitando que este principio educativo quede unicamente en mans do Departamento.
- A colaboración psicopedagóxica debe concibirse fundamentalmente dentro do ámbito da Prevención, sen que elo supoña renunciar ás situacións puntuais de tipo asistencial, (atención a suxeitos con dificultades de aprendizaxe, asesoramento ó profesorado ante situacións problemáticas concretas...).
- Debemos, así mesmo, garantir unha orientación académica, psicopedagóxica e profesional dos alumnos e alumnas, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, e ás transicións entre as distintas etapas educativas, e a do sistema educativo ao mundo laboral, prestando singular atención á superación de hábitos sociais e discriminatorios que condicionan o acceso ós diferentes estudos e profesións. Seguindo co mesmo criterio trataríase de integrar os contidos vocacionais no currículo escolar, é dicir, unha labor orientada a informar e proporcionar unha formación polivalente, que habilite ós alumnos/as para acceder ó maior número posible de ofertas nos ámbitos educativo e laboral.
- É indispensable, para a actuación do Departamento de Orientación, unha coordinación estreita co equipo docente.
- Intercambio de experiencias entre o propio centro e os da contorna, para potenciar na medida do posible a unificación de criterios.

Todo isto, non sería posible sen que o noso programa de intervención estivera adaptado ós contextos familiar e escolar, consensuado co equipo docente, levado a cabo nun ambiente de corresponsabilidade e que en todo momento responda ós principios de: **continuidade, integración, universalidade, autonomía e igualdade.**

Tendo en conta o anterior:



CÓMO ACTUAMOS?

COS COMPAÑEIROS/AS DO CLAUSTRO

- ✓ Sensibilizando ó Profesorado na necesidade de colaboración na elaboración e desenvolvemento das medidas (RE, ACS) como responsabilidade de todos.
- ✓ Asesorando nos criterios psicopedagóxicos das programacións didácticas
- ✓ Colaborando nas relacións Titores-Familia
- ✓ Favorecendo o axeitado desenvolvemento da Acción Titorial, proporcionando asesoramento, material e apoio ós Profesores-Titores
- ✓ Participando na elaboración, deseño e posta en práctica dos programas de intervención propostos dende o PAT (prevención de drogo-dependencias, de hábitos e técnicas de estudo e de traballo intelectual, sexualidade-emocional afectiva, igualdade, voluntariado, riscos de internet ...) colaborando nos procesos de elaboración, aplicación, avaliación e revisión de Programacións.
- ✓ Implicando cos Titores como axentes da Orientación académico –vocacional
- ✓ Reforzando a colaboración do D.O. coa coordinadora de Infantil, Titores de Primaria e da ESO.

CO ALUMNADO:

- ✓ Recollendo información inicial que permita unha visión xeral do grupo e unha valoración das necesidades para planificar e priorizar as actuacións educativas
- ✓ Identificando e valorando as necesidades educativas do alumnado, actuando de maneira preventiva prioritariamente e interventiva cando sexan detectadas.
- ✓ Realizando avaliacións psicopedagóxicas así como a elaboración e actualización de informes para aqueles alumnos/as que se lle detectan NEE, seguimento do proceso educativo e medidas adoptadas
- ✓ Recollendo información inicial que permita unha visión xeral do grupo e unha valoración das necesidades para planificar e priorizar as actuacións educativas
- ✓ Identificando e valorando as necesidades educativas do alumnado, actuando de maneira preventiva prioritariamente e interventiva cando sexan detectadas.✓
Deseñando e desenvolvendo as actividades de Orientación persoal, escolar e profesional do alumnado así como o seu proxecto de vida persoal.

COAS FAMILIAS:



- ✓ Promovendo a cooperación Centro, familias, en todos os aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- ✓ Asesorando ás familias para que asuman responsablemente a educación e a Orientación dos seus fillos/as valorando os esforzos compartidos.
- ✓ Demandando a colaboración das familias para as actividades e programas que se fagan no Centro, así como potenciar a comunicación e o establecemento de relación fluídas entre as familias e o Profesorado
- ✓ Asesorando e informando ós país/ nais respecto ás saídas académicas- profesionais , cara axudar na toma de decisións dos seus fillos/as
- ✓ Orientando ós país/nais nos aspectos básicos para atender ó alumnado con NEAES.
- ✓ Colaborando activamente coa ANPA do Centro para a organización de actividades do seu interese.

ACTITUDE COLABORATIVA INSTITUCIONAL :

Respecto do CPI :

- Colaboramos, activamente, asesorando ao Equipo Directivo
- Asistimos e asesoramos nas reunións de avaliacións do alumnado
- Representamos ao Departamento na CCP
- Orientamos sobre as medidas de atención á diversidade e participando na revisión e ou elaboración dos documentos do Centro baixo a coordinación da Xefatura de Estudos.
- Participamos na valoración e propostas de mellora dos documentos de planificación e xestión do Centro. Respecto dos servizos externos
- Dende o D.O. levamos a cabo as tarefas de coordinación cos distintos servizos externos da zoa que estean implicados no proceso de formación persoal, escolar e familiar ou social do noso alumnado.
- Colaboramos cos Profesionais dos servizos psicolóxicos e sociais do Concello de Ares (Traballadora social, Psicóloga...) contacto con outros servizos da zoa: sanitarios, SSSS, fundacións , asociacións e entidades locais de desenvolvemento social e educativo.
- Mantemos contacto e colaboración co Equipo de Orientación Específico (EOE) provincial e con outros D..O da zona no que se estime conveniente.



7. RECURSOS

PERSOAIS:

- ✓ Titores/as responsables de grupo.
- ✓ Todo o profesorado que imparte docencia.
- ✓ Profesorado de apoio: 2 mestras especialistas en pedagogía terapéutica (1 en primaria e 1 secundaria) e unha mestra de audición e linguaxe
- ✓ 2 Técnicas Auxiliares Educativas Infantil e Primaria
- ✓ unha intérprete de lingua de signos.
- ✓ Xefes/as de Departamento.
- ✓ Equipo Directivo.
- ✓ ANPA
- ✓ Familias
- ✓ E.O.E.
- ✓ Traballadora Social do Concello.
- ✓ Persoal de Administración e servicios
- ✓ Psicólogo do Concello.
- ✓ Asociacións ASPANAEPS
- ✓ Outros profesionais: logopedas, fisioterapeutas, psicólogos...

MATERIAIS:

- ✓ Todo o material dispoñible de avaliación psicopedagóxica, test, libros de consulta, libros de reeducación, material web...
- ✓ Aulas de apoio e de audición e linguaxe co respectivo material.
- ✓ Biblioteca.
- ✓ Departamentos Didácticos.
- ✓ Secretaría.
- ✓ Sala de Profesores.

RECURSOS ORGANIZATIVOS



- **Hora de titoría** : neste centro as titorias dos distintos grupos da ESO teñen coincidencia horaria, os xoves a 6ª hora, o que facilita a organización de actividades conxuntas
- **Horario do Departamento de Orientación**: En relación ao horario de traballo, é altamente flexible, na procura dunha racionalización do tempo e do esforzo adicado ós diferentes aspectos da Orientación. A reunión dos membros do D.O. atendendo á lexislación vixente lévase a cabo fora do horario lectivo .

	LUNS	MARTES	MÉRCOLES	XOVES	VENRES
9:30-10:20			G		ORI
10:20- 11:10		ORI	ORI	ORI	ORI
RECREO					
11:20-12:10		ORI	ORI	ORI	ORI
12:10-13:00	ORI	ORI	ORI	ORI	ORI
RECREO					
13:10-14:00	ORI	ORI		ORI	
14:00- 14:50	ORI	ORI		XD	
16:00-16:50	ORI				
16:50- 17:40	AF				

REUNIÓN DE COORDINACIÓN

- Reunións do DO (semanais cos profesores especialistas, e mensuais, ademais de calquera outra reunión de carácter extraordinario que poda xurdir)
- Reunións coa Xefatura de Estudos.
- Reunións mensuais da CCP
- Reunións do Claustro e do Consello Escolar
- Sesións de avaliación
- Reunións co E.O.E.
- Reunións mensuais coa traballadora social do concello



- Reunións con outros axentes externos.

8. AVALIACIÓN

Tal como vimos, as liñas de actuación deste Plan de orientación permitirannos realizar un proceso de seguimento e avaliación do mesmo ao longo do curso. Deste xeito, este plan someterase a un proceso continuo de avaliación formativa coa finalidade de:

- Valorar en que medida imos logrando os obxectivos propostos.
- Obter máis e mellor información sobre as características do contexto socioeducativo no que se sitúa o noso alumnado
- Mellorar os deseños da intervención orientadora e psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir ou adaptar devanditos deseños de face a conseguir unha maior eficacia.

Debido a este carácter formativo da avaliación, habemos de contemplar diversos momentos que nos posibiliten realizar unha avaliación global:

- a) Avaliación Inicial, a través da cal realizamos a detección de necesidades do noso centro. A partir dela , xorden os obxectivos deste Plan
- b) Avaliación Continua, trátase de valorar se se están desenvolvendo as distintas actuacións do Plan como se previu, se funciona satisfactoriamente, ou se resulta necesario introducir melloras ou modificacións para conseguir os obxectivos. A súa finalidade é ir optimizando o plan a medida que se está implementando. Avaliación final, que derivará na realización dunha *memoria* na que se recollerán os datos e valoracións máis importantes obtidas no proceso de avaliación, para o que se solicitarán as propostas e directrices da CCP.

Con respecto á avaliación continua, habemos de sinalar que cada un dos bloques da programación, do mesmo xeito que cada unha das sesións de tutoría programadas, contén un apartado sobre a súa avaliación. Ademais ao final e ao comezo de cada trimestre realizarase unha reflexión sobre o realizado que permita valoralo e propor alternativas. Neste senso, as reunións de coordinación periódicas,-ás que fixemos referencia no apartado de recursos organizativos- servirannos para analizar como se está desenvolvendo a acción orientadora, neste aspecto debemos destacar as reunións coa Xefatura de Estudos, órgano coordinador da orientación no centro, para contrastar o realizado coa perspectiva que supón a xestión e coordinación do Instituto.

O modelo de avaliación que aplicaremos baséase no modelo de Stufflebeam , caracterizado por ser unha avaliación baseada no contexto, e no que se debe analizar tanto o deseño e a planificación do plan, como a súa implantación (proceso) e os seus resultados (produto)



A continuación presentaremos os **criterios de avaliación**, para cada unha das diversas fases avaliativas:

❖ **AVALIACIÓN DO CONTEXTO E DO PROCESO DE ELABORACIÓN DO PLAN**

Avaliaremos:

- Se no Plan de Apoio recóllense as demandas da contorna
- Se se recollen achegas, nos distintos apartados do plan, da Comunidade educativa ao completo
- A existencia de acordos formais para levar a cabo o Plan
- Se os obxectivos deste Plan son coherentes coas necesidades detectadas.
- Se os programas a desenvolver son os máis adecuados para alcanzar os obxectivos
- Se as estratexias de intervención son coherentes coa filosofía educativa do centro recollida no PEC
- Se os recursos con que contamos resultan suficientes
- Se a temporalización das actuacións do Plan é realista
- Se a Avaliación do Plan pretende a colexialidade, a globalidade, etc

❖ **AVALIACIÓN DO PROCESO** Avaliaremos:

- Se a comunidade educativa participa, no seu completo, na implementación do Plan
- Se existe colaboración entre o DO e o profesorado no desenvolvemento do Plan
- O impulso do Equipo directivo na implementación.
- A implicación das familias nas actividades do Plan
- A existencia de modificacións no Plan baseadas na retroalimentación durante a súa implantación
- Os puntos fortes e débiles do Plan durante a súa posta en práctica.
- A existencia de recursos persoais, materiais e organizativos adecuados.
- A existencia dunha avaliación formativa, así como os resultados alcanzados nela.
- A realización das actividades de orientación na práctica

❖ **AVALIACIÓN DO PRODUTO** Avaliaremos:

- A consecución dos obxectivos xerais e específicos do Plan



- O grao de satisfacción dos implicados no Plan.
- O coñecemento das accións do Plan por parte da comunidade educativa.
- A cobertura das distintas necesidades que detectamos na análise de necesidades.
- A mellora dos procesos de E-A
- A consecución dun clima do centro positivo.
- Os resultados da avaliación final.
- Os efectos non desexados
- A mellora da calidade educativa no centro.

É preciso sinalar que na avaliación participarán todos os membros que forman parte da comunidade educativa (equipo docente, alumnado, familias), utilizando para iso tanto técnicas de avaliación cuantitativas como cualitativas: aplicación de cuestionarios (dirixidos ao profesorado, aos alumnos/as e ás familias), entrevistas grupais e individuais, reunións de avaliación da xunta de profesores, da CCP, do Consello Escolar, AMPA, Observación sistemática e triangulación de datos, diarios de aula ...

T
a
l

c
o
m
o

s
i
n
a
l
a
m
o
s
,

u
n
h
a

v
e
z

r
e